

para Nuevos Compositores de la Fundación SGAE 2016. Recibiu tamén senllas mencións de honra no Gaudeamus Muziekweek en 2013 e no Mauricio Kagel Wettbewerb en 2010 ademais de encargos de varios festivais coma o de Darmstadt, o Holland Festival e a Biental de Múnic.

### **Heather B. Frasch.** Estados Unidos, 1980

Compositora de música acústica e electroacústica, improvisadora e frutista experimental que traballa en instalacións sonoras.

Cursou o doutoramento na Universidade de California, Berkeley, onde estudou composición con Franck Bedrossian e Edmund Campion, e traballou no ámbito da música electrónica interactiva no Center for New Music and Audio Technologies con David Wessel. Licenciouse en Humanidades pola Temple University e obtivo unha Medalla de Prata do CNSMD (Conservatorio Nacional de Música e Danza de Lyon).

A súa música foi interpretada en festivais como o FRUM (Islandia), Atlas Festival (Amsterdam, Países Baixos), International Computer Music Association (Huddersfield, Reino Unido), NYCEMF (Nova York, EUA), SICMF (Corea), Festival de Outono de Moscova, San Francisco Tape Music Festival, Festival Acanthes (Luxemburgo) e Third Practice Electronic Music Festival (Virxinia, EUA), entre outros.

Participou no Curso para Novos Compositores do IRCAM de París con Yann Maresz, estudou na Schloss Solitude Academy de Stuttgart con Chaya Czernowin e Mark André, e interveu na Wellesley Composer Conference con Mario Davidovsky.

Recibiu diversos premios de composición como o George Ladd Prix de París, o International Sergei Slonimsky Composition Competition Prize en 2012, e o Nicol DeLorenzo Prize en 2008 e 2010.

### **Piyawat Louilarprasert.** Tailandia, 1993

Licenciouse en composición e dirección con Valeriy Rizayev e Pamornpan Komolpamorn da Facultade de Música da Mahidol University. Actualmente vive en Londres onde está a cursar un máster en composición con Dai Fujikura, Jonathan Cole e Gilbert Nouno no Royal College of Music de Londres.

A súa música foi presentada en festivais coma o de Lucerna 2016 (Suíza), Gaudeamus Musikweek (Países Baixos), TENSO Choir 2016 (Mechelen, Bélxica, e Copenhague, Dinamarca), 47.º Festival Darmstadt (Alemaña), Asian Composer League (Xapón). Recibiu os seguintes premios: Léon Goossens Award, Princess Galyani Vadhana Youth Orchestra Award, Asia-Pacific Saxophone Composition Award, SEADOM Award, e os premios para novos compositores Southeast Asia Award, e Young Thai Artists Awards. Recibiu clases maxistras de Wolfgang Rihm, Olga Neuwirth, Chaya Czernowin, Helmut Lachenmann, Enno Poppe e Mark André. Traballou con Trio Surplus, Ensemble Mozaik, ACME, Lucerna Alumni, University Cincinnati Chamber Players, Thailand Philharmonic Orchestra, P.Y.O. e Royal Northern Sinfonia.

Recentemente recibiu encargos de varias formacións e orquestras como Riot Ensemble (Reino Unido), Royal College of Music Wind Ensemble (Reino Unido) e Thailand Philharmonic Orchestra (Tailandia).

### **VERTIXE SONORA ENSEMBLE**

Pablo Coello *saxofón* / Rubén Barros *guitarra eléctrica* / Carlos Méndez *contrabaixo* / David Durán *piano* / Diego Ventoso *percusión* // Dirección musical *Pablo Coello* / Dirección artística *Ramón Souto*  
www.vertixesonora.net

**CGAC**  
CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Ramón del Valle Inclán 2 • 15703 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 546 602 • cgac.educacion@xunta.gal • www.cgac.xunta.gal

XUNTA DE GALICIA 

**USC**  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**vertixe sonora**  
ensemble

# MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

## CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea  
Martes, 20 de decembro de 2016 ás 19:45 h

### **EVA LOOTZ**

19:45 h. **CAUSAL**

Conversa de Ramón Souto —director artístico de Vertixe Sonora Ensemble— cos compositores Heather B. Frasch, Abel Paúl e Piyawat Louilarprasert sobre as obras que se escoitarán durante o concerto.

20:30 h. **EVA LOOTZ**

CONCERTO DE VERTIXE SONORA ENSEMBLE

**Octavi Rumbau** *Bucle While* (2016)

piano, *tom* grave, contrabaixo e electrónica

**Javier Quislan** *Silberstimme* (2016)

saxofón, vibráfono, guitarra eléctrica e piano

**Heather B. Frasch** *Quivering* (2016)

saxofón, guitarra eléctrica, contrabaixo, percusión e piano

**Abel Paúl** *Nombre y vacío* (2016)

piano, percusión e contrabaixo

**Piyawat Louilarprasert** *Red de lacre* (2016)

saxofón, guitarra eléctrica, contrabaixo, percusión, piano e electrónica

Estreas absolutas. Encomendas de Vertixe Sonora

## **AS OBRAS**

### ***Bucle While***

A obra está inspirada na instalación de Eva Lootz *Bucle abierto* (Bucle aberto), na que a artista mostra unha *ruta en espiral* utilizando diferentes materiais que impulsan ou interrompen o percorrido.

*Bucle While* parte dun proceso algorítmico moi sinxelo pero extremadamente estrito baseado en termos xerais no uso da repetición. O dito algoritmo pretende recrear a espiral de Lootz mediante a contracción e a dilatación do tempo musical a partir dun eixe central que produce a simetría da obra, coma se dun espello se tratase.

Os instrumentos musicais e a electrónica, malia pertenceren a familias afastadas entre si, participan da acción situándose todos eles nunha mesma paleta tímbrica.

Octavi Rumbau

### ***Silberstimme***

Espazo instrumental resoante e subxectividade: aproximación a unha singularidade.

A utopía da continuidade e a unidade.

O son expresado a través da linguaxe do cotián.

Examinar, explorar un *son central* ou unha *idea sonora central* desde unha dimensión interior axuda a comprender, de xeito analítico, a súa concepción inicial. No meu traballo cada obra é formulada desde a idea de son central cunha calidade específica. O timbre de cada un dos instrumentos que interveñen en cada obra é un punto de partida para a elaboración e tratamento do material musical. Entendo a natureza do son como fráxil, distorsionada, quebrada e constituída por diferentes estratos que tenden a integrarse. Trátase dun

conxunto de singularidades, que a través dunha linguaxe do cotián, permite facer consciente e percibir en profundidade a natureza da idea musical. Neste sentido, atópase un paralelismo entre a concepción de Eva Lootz sobre a materia coa que traballa e a que eu propoño nesta obra: o concepto de fisicalidade serve para indagar e examinar as propiedades e fisionomías que a constitúen. A obra de Eva Lootz *Circuito roto* (Circuito roto, 1987) é un símil no proceso de observación en bucle da materia: do detalle interior ao exterior, do pormenorizado e fragmentado ao continuo e global da obra.

*Silberstimme* (tradución ao alemán da frase orixinal en español “voz de plata”) céntrase no estudo da resonancia dun son que xa aconteceu. O carácter estrutural desta resonancia e a posterior análise da configuración estrutural dos seus parciais no espectro harmónico ofrecen unha correspondencia entre o material sonoro e o material musical, de xeito que este último se converte no medio a través do cal se mostra e se conxuga a dita correspondencia de maneira sonora. A obra desvía un material *coñecido* cara a unha dirección diferente, disuadindo de certa connotación e tentado proxectalo en diferentes espazos sonoros, pero deténdose a medio camiño nunha dimensión somnámbula, na que unha imaxe borrosa suxire, sen pronunciarse totalmente, feitos humanamente recoñecibles.

Javier Quislant

### Quivering

Distintas capas están en movemento. Estas capas están definidas polo seu material sonoro, a súa notación, as súas identidades rítmicas e transformacións. Unha é estable e comeza a desenvolverse de forma sistemática. Outra —errática e mesmo desenfocada— evoluciona e transfórmase de forma irregular. Intermitentemente, unha terceira capa, estática, aínda que con lixeiros cambios de percepción, aparece e desaparece. Co paso do tempo, as capas comezan a influír unhas nas outras. O estable comeza a desestabilizarse mentres o errático se vai tornando máis concreto e estable. O material oscila adiante e atrás no seu intento de coexistir e manter unha identidade mentres explora o impacto do outro. A peza desemboca nun fráxil termo medio que está entre o estable e o inestable, lixeiramente trémulo.

Heather B. Frasch

### Nombre y vacío

Esta obra parte do son da fala como un material maleable, como un substrato sonoro liberado da súa semántica, da súa capacidade de nomear e de xerar campos de significado. Na súa obra *mostrar/nombrar*, Eva Lootz explora a brecha entre a linguaxe e a natureza inmediata do visible, entre a palabra e a mirada. A miña obra aborda asemade a fractura entre a linguaxe e a escoita, entre a semántica e o mundo sonoro. Gravacións de fragmentos de poemas de Hölderlin (que falan precisamente da problemática do que se pode dicir, dos límites da linguaxe e da presenza do silencio) son tratados como materiais sonoros proxectados sobre as cordas e caixas acústicas de varios instrumentos. Estas *proxecións* lévanse a cabo a través de altosfalantes transdutores, pequenos dispositivos capaces de transmitir o son pregravado da fala ao corpo doutros obxectos e instrumentos. Deste xeito xéranse contextos híbridos, a medio camiño entre a linguaxe e as características acústico-sonoras dos propios instrumentos. A linguaxe é concibida como un substrato carente de significado, como unha base á vez uniforme e cambiante que acciona (dándolles vida musicalmente) o conxunto de instrumentos e obxectos presentes no escenario a través do xesto dos intérpretes.

Como compositor gústame explorar territorios sonoros fráxiles e difíciles de definir, situados no intersticio entre mundos sonoros concretos, desdebuxando a capacidade do oínte para unha identificación clara do que soa, explorando rexións descoñecidas e á vez extrañamente próximas. Esta é precisamente a relación que se establece nesta obra, na que a contorna das palabras se intúe pero a súa identificación semántica, a súa capacidade de nomear, se esvaece no proceso de fricción entre os altosfalantes e o propio corpo dos instrumentos.

Abel Paúl

### Red de lacre

Inspirada na obra do mesmo título da artista Eva Lootz, a peza describe a mestura de sonoridades de cada instrumento e dos sons electrónicos pregravados. A característica individual de cada instrumento proxecta unha calidade e densidade de son semellante. Cada son individual é conectado e harmonizado. Este proceso crea a melodía vertical/rítmica e a paisaxe sonora horizontal. A melodía e a paisaxe sonora son utilizadas

para crear variadas texturas e sonoridades. A electrónica pregravada crea a ambigüidade do son entre a acústica e a electrónica, construíndo a sombra e o fondo dunha *rede sonora*.

Piyawat Louilarrprasert

## OS COMPOSITORES

### Octavi Rumbau. España, 1980

O traballo recente deste compositor barcelonés concéntrase en procurar novos espazos sonoros de interacción entre instrumento e electrónica ademais de afondar na maleabilidade do tempo musical.

Pianista de formación clásica, inicia os estudos de composición con Enric Palomar, Yoshihisa Taïra e Agustín Charles. Máis tarde, trasládase a París para continuar estudando composición con Frédéric Durieux no Conservatorio Nacional Superior de Música e orquestración con Denis Cohen, ao tempo que realiza o *cursus* anual de informática musical do IRCAM.

As súas obras foron interpretadas en numerosos concertos, encontros e festivais de Europa, América do Norte e Asia. Recibiu encargos do Auditori de Barcelona, a Orquestra de Barcelona, a Fundació Tàpies, ME\_MMIX, Bcn216, CrossingLines Ensemble, o Festival d'Òpera de Butxaca, UMS 'n JIP/Festival Mixtur, Duo Links, Rémi Durupt, Miguel Ángel Lorente, etc. Tamén colaborou, entre outras, coas seguintes formacións e intérpretes: Ensemble Multilatérale, Taller Sonoro, Ensemble Links, Spanish Brass Luur Metals, Funktion, Orchestre da Lorraine, Orquestra Simfònica das Illes Balears, Alberto Menchén, Laurent Durupt, Jan Gerdes e Philippe Spiesser.

Recibiu premios en diversos certames como o Concurso de Composición Frederic Mompou en 2005, o Concurso de composición Dolors Calvet i Prat en 2008 ou o Concurso de Composición do Colexio de España e do Instituto das Artes Escénicas e da Música en 2012. En 2014 foi galardoado co premio Berliner Opempreis.

### Javier Quislant. España 1984

No seu traballo existe unha busca implícita a nivel estético e ontolóxico en relación co son, co material musical e coa temporalidade, algo que se traduce nun insistente cuestionamento das ideas sobre as que traballa. Tras licenciarse en composición en Barcelona, obtén con distincións o título de Mastreado en Composición na Kunstuniversität de Graz baixo a tutela de Beat Furrer e dos membros do Klangforum Wien. Paralelamente á formación académica mantivo encontros con compositores como Georges Aperghis e Pierluigi Billone (así como con determinados membros do Klangforum Wien) en diversos cursos nos que participou, algúns deles notables focos de difusión da música actual.

A súa música foi interpretada por formacións como Ensemble Recherche, Ensemble Intercontemporain, Orchestre Philharmonique de Radio France, International Ensemble Modern Academy, Arditti String Quartet, Bilbao Symphony Orchestra, Ensemble Proton Bern, Le Nouvel Ensemble Moderne, Schola Heidelberg Cantorum, CrossingLines Ensemble ou Schallfeld Ensemble en diversos festivais de Europa e América como o IRCAM ManiFeste 2016 en París, o Wittener Tage für Neue Kammermusik 2016 en Witten (Alemaña), o 57. Weimarer Meisterkurse en Weimar (Austria), Protonwerk Nr.5: Das Labor für Neue Musik, nas cidades suízas de Berna e Basilea, o Vienna SaxFest, Musikprotokoll en Graz (Austria), a International Academy of the Nouvel Ensemble Moderne en Quebec (Canadá), Impuls Academy, Internationale Ferienkurse für Neue Musik Darmstadt 2012 (Alemaña).

### Abel Paúl. España, 1984

Estudou composición no Conservatorium van Amsterdam e na Universität der Künste de Berlín e paralelamente recibiu clases maxistras de compositores como Brian Ferneyhough, Pierluigi Billone e Chaya Czernowin, entre outros. Na actualidade está completando os seus estudos de doutoramento na Universidade de Huddersfield (Reino Unido).

As súas obras foron interpretadas por agrupacións como ASKOSchoenberg, Nieuw Ensemble, Ensemble Nickel, Slagweerk den Haag, ETET, KlangforumWien, Insomnio, Adapter, Distractfold, Ensemble Aleph, Plural Ensemble, Nou Ensemble ou Tamgram Project.

A súa música foi galardoada con premios como o Salvatore Martirano Award en 2008, CDMC en 2010, SUYAL Award en 2014, as axudas do BBVA para innovadores e creadores culturais, en 2014, ou o 1.º Premio